



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANUNCIO

CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO DERIVADA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA OCUPAR UNHA PRAZA DE ANIMADOR SOCIO-CULTURAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN, APROBADA AO ABEIRO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

Polo presente faise público, en cumprimento do previsto na Base 13ª que rexe o procedemento de contratación/selección ao que se refire o presente, que con data 01/04/2025 foi ditada a seguinte Resolución da alcaldía, que literalmente se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO DERIVADA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA OCUPAR UNHA PRAZA DE ANIMADOR SOCIO-CULTURAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN, APROBADA AO ABEIRO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

EXPEDIENTE: 2023/E001/000005

Visto que pola Resolución de Alcaldía 240/2022, de data 19/05/2022, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, na que se incluía a praza á que se refire a presente.

Visto que as bases que rexen este procedemento de contratación/selección e a convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 93, do 18/05/2023 e no Diario Oficial de Galicia núm. 99, do 26/05/2023, tras ditarse a oportuna resolución desta alcaldía. Procedéndose, ademais, á publicación do preceptivo anuncio no Boletín Oficial del Estado, núm. 137, do 09/06/2023.

Visto que, previa realización dos trámites preceptivos/oportunos, o Tribunal Cualificador, na sesión celebrada o día 24/02/2025, adoptou os acordos que figuran a continuación, aos que se lle ten dado a oportuna publicidade:

“Primeiro: Realizar a seguinte valoración dos méritos alegados polo único aspirante, outorgando, en consecuencia, a seguinte puntuación:

NOME E DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	TOTAL
ANTONIO LUIS NOCEDA CARBALLO ***4934**	60,00	40,00	100,00

Segundo.- Declarar exento da realización da proba de coñecemento de lingua galega ao aspirante.

Terceiro.- Declarar que ten superado/aprobado o proceso selectivo o aspirante **D. Antonio Luis Noceda Carballo**, con DNI ***4934**.

Cuarto.- Aos efectos de dar cumprimento a base 11ª, propoñer á alcaldía “provisionalmente” a contratación de D. Antonio Luis Noceda Carballo, con DNI ***4934**, como Animador socio-cultural, persoal laboral fixo.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Quinto.- Que a valoración anterior e relación de aprobados, de conformidade coa base 11ª que rexe o procedemento, se faga pública, no prazo máximo dun mes, mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro anuncios electrónico do concello, debéndose indicar que poderán presentarse reclamacións ás mesmas durante un prazo de tres días hábiles.

Sexto.- Que no caso de que no referido prazo de tres días hábiles non se presentase ningunha reclamación, a proposta de contratación realizada por este tribunal será considerada como definitiva.

Non obstante e a efectos de que de forma fidedigna se poda realizar o cómputo do prazo de cinco días hábiles previsto na base 11ª, esta circunstancia se fará pública mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro anuncios electrónico do concello.

O citado anuncio será asinado pola presidenta e secretaria deste tribunal.

Sétimo.- Que os presentes acordos se fagan públicos mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro anuncios electrónico do concello

O citado anuncio será asinado pola presidenta e secretaria deste tribunal".

Visto o anuncio publicado polo Tribunal Cualificador o día 07/03/2025 referido á non presentación de reclamacións á valoración, relación de aprobados e proposta de contratación.

Visto que o Sr. Noceda Carballo, ten presentado, en prazo, a declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de función públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado.

Visto o informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.

É polo que á vista do exposto, de conformidade co previsto nas bases que rexen o procedemento e uso das facultades que me atribúe o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder á contratación de D. Antonio Luis Noceda Carballo, con DNI ***4934**, como animador socio-cultural, persoal laboral fixo.

Segundo.- Citar ao Sr. Noceda Carballo o día 16/04/2025 para proceder á formalización do correspondente contrato de traballo, que terá efectos desde ese mesmo día.

Terceiro.- Notificar a presente ao interesado con indicación dos recursos que procedan.

Cuarto.- Facer pública a presente, de conformidade coa base 13ª, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no taboleiro de anuncios electrónico do Concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/opencms/gl/informacion/>) e no BOP.

Quinto.- Dar traslado da presente aos servizos económicos do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)".

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura á marxe

O alcalde,



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Eduardo J. Parga Veiga